

# Unha lectura poética

▪ HELENA VILLAR JANEIRO ▪

## Victorino Pérez Prieto

*Con cordas de tenrura*

Sept, 2000

146 páxinas. 1.500 Pta.

**F**AGO esta lectura metida no ambiente preliminar da festa do nacemento de Xesús Cristo, e o libro axudoume a ver o Meniño doutra maneira tan pronto como puxen o pé nese adro que lle serve ó autor para definilo "a cabalo entre a espiritualidade e a reflexión teolóxica", e para explicar o método de "Estudio de Evanxeo", que é o traballo persoal que recomenda desenvolver ó final de cada proposta.

A través dos sete capítulos que aportan diferentes centros temáticos de reflexión para un re-encontro con Deus, Xesús Cristo revélase máis próximo, máis humano e –xa que logo– incluso máis divino. Porque estas 146 páxinas están traspasadas pola visión novidosa á que nos ten afeitos Victorino Pérez Prieto, que, neste caso concitou como nunca os meus intereses. En *Con cordas de tenrura* recoñécese transversalmente a dignidade do feminino, xa que o autor recorre con frecuencia ó pensamento de importantes teólogas. A maiores disto, dedícalle o capítulo 3 ás mulleres, "Beber no pozo de Miriam de

Nazaret e as mulleres bíblicas". E unha parte importante do apartado 4, "Ser cristián: coñecer e seguir a Xesús Cristo", describe a Cristo como un home que, a través da súa vida, soubo integrar *animus* e *anima*, o masculino e o feminino, de xeito que resulta un modelo total para a humanidade.

Outro aspecto salientable da obra é a valoración da materialidade do corpo como instrumento de oración e o recoñecemento de todo aquilo que poden aportarnos outras culturas á nosa espiritualidade, coma tal as prácticas orientais que valoran debidamente as posturas para a comunicación espiritual.

Ben sei que concorre na miña lectura o feito de ser poeta, sobre todo cando a procura do achegamento relixioso se parece tanto á busca da fonte lírica. A camiñada espiritual que acabo de facer está claramente influenciada por esa mirada, pero calquera persoa que entre no texto sentirá tamén o atractivo do hábito poético que mora nestas páxinas. Porque o autor bota man da palabra humana máis fecunda,

valéndose de creadores de diferentes tempos e culturas cos que cotexar as vivencias da fe. Polo libro están espallados con naturalidade –ademais da poesía bíblica ou relixiosa– textos de Tagore, Saint-Exupéry, León Felipe, Pablo Neruda, o Arcipreste de Hita ou Quevedo, segundo a orde na que aparecen.

Pero Victorino vai máis alá das oportunas citas. O propio título está buscado con esmero literario. "Hai textos bíblicos nos que a tradución, sen deixar de ser fiel, pode acadar niveis poéticos sublimes", aclara nunha nota a pé de páxina para xustificar a elección do versículo de Oseas da recente versión española da Biblia, porque lle parece máis poético, fronte á tradución que se lle fixo ó galego.

*Con cordas de tenrura* é un paso máis deste cura inqueda no seu empeño de co-participación dun Deus que paga a pena descubrir.

- **Helena Villar** é escritora. A súa última obra publicada é o libro de poemas *Nas hedras da clepsidra* (Edicións do Castro, 2000)